

# informa TEO

## MOBILIDADE As novas liñas de autobús licitadas para o concello de Teo xa están funcionando

O mapa de transporte do Concello de Teo reformula a súa oferta coas novas concesións de liñas licitadas pola Xunta de Galicia. Na actualidade xa operan todas as liñas indicadas e agora é Monbús a única operadora de transporte de viaxeiros que prestará servizo en Teo, despois de que en setembro cambiase o operador das liñas procedentes da Estrada e que pasan polo corredor da AC-841.

Con estas novas concesións, en moitos casos, incrementaranse as frecuencias con novas liñas ou paradas en zonas nas que antes non se realizaban.

Para consultar as actualizacións dos horarios dos autobuses, a Xunta puxo a disposición dos usuarios a páxina web [bus.gal](http://bus.gal), na que se pode realizar unha pesquisa por parada con indicación de destino e orixe. Se ben, dende a área de Mobilidade municipal xa se está traballando nun proxecto para instalar os horarios nas paradas de autobús. A previsión é que nas vindeiras semanas xa se poida consultar a información a pé de rúa.

Pola súa banda, a operadora Monbús tamén informa a través da súa páxina web sobre cales son os horarios das liñas que xestiona.

O contrato mediante o cal comezou a funcionar este servizo recibe a denominación XG-807 Sur da Comarca de Santiago, e nel recóllense as frecuencias que pasan por Teo e por Concellos como Ames, Vedra, Padrón ou Santiago. Tanto é así que unha das novidades deste novo contrato é unha circular que vai dende a Rúa do Hórreo en Santiago de Compostela, pasando posteriormente por Ames e Teo para volver á cidade compostelá. Este tipo de liña, cun percorrido similar ao do TeoBus nalgúns tramos, permitirá que, por exemplo, residentes



ou usuarios da zona de Calo se poidan achegar á Ramallosa ou a Cacheiras, permitindo unha maior mobilidade entre os diferentes núcleos e puntos de interese do concello. O TeoBus segue prestando servizo nas mesmas condicións malia que agora se contempla neste novo contrato. Dende o Concello enténdese que nas primeiras semanas de prestación do servizo se poden dar algunhas incidencias polo que se pon a disposición da cidadanía o enderezo [e mobilidade@teo.gal](mailto:mobilidade@teo.gal) para enviar dúbidas, queixas ou demandas respecto deste tema •

**As novas concesións implican un incremento das frecuencias con novas liñas e paradas en novas zonas solicitadas polo Concello**

# Ata 5.000 euros en premios por mercar no comercio local en Teo

A Concellaría de Desenvolvemento Local e Turismo, dirixida por María López, impulsou a campaña de apoio ao comercio local “Tamén no Nadal coidamos do local” con premios por valor de 5.000 euros. “Este ano máis ca nunca consideramos imprescindible este pulo a un sector moi castigado pola pandemia” explica López. “O comercio de Teo está formado, na súa maior parte, por autónomos e micro empresas que levan meses cunha situación difícil e queremos facer unha aposta inequívoca cunha campaña como nunca se realizou en Teo” indica a edil do Concello teense.

As persoas que consuman no comercio teense ata o 9 de xaneiro poden optar a algún dos 50 vales de 100 euros que sorteará o Concello. Para participar hai que achegar tickets por valor de 50 euros dun ou de varios dos establecementos adheridos a esta campaña. Unha vez realizado o gasto hai que entregar estes xustificantes xunto cos datos persoais nalgunha das caixas que se poderán atopar nos locais participantes.

Os establecementos adheridos estarán identificados coa imaxe da campaña e a listaxe tamén se poderá consultar na web municipal. O 13 de xaneiro ás 11:30 horas realizarase un sorteo público na Casa do Concello dos 50 vales de 100 euros para consumir de novo nos establecementos participantes. O importe dos premios poderase gastar ata o 13 de febreiro. Participan nesta iniciativa máis de 100 empresas, comercio local, artesanía, Mercado



do alimento labrego dos Tilos e os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas.

“Queremos premiar o consumo local e de proximidade que é o que lle dá vida ao noso Concello e, de volta, que os premios volvan dalgún xeito tamén a eses comercios” indica María López. A campaña de apoio a este sector leva xa uns anos realizándose e nesta edición queremos “facer un esforzo dende o Concello para pór en valor as tendas e servizos de Teo premiando á xente que merca aquí” destaca a concelleira •

“Queremos premiar o consumo local e de proximidade que é o que lle dá vida ao noso Concello”, indica María López



ADMINISTRACIÓN

## Nova bolsa de emprego do Servizo de Emerxencias

O Concello de Teo convoca unha nova bolsa de emprego para dar cobertura ao Servizo de Emerxencias municipal. Así, unha vez estruturada a lista de persoas candidatas procedérase a cubrir as baixas ou vacantes que xurdan o Servizo Municipal de Emerxencias. As bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia do 22 de decembro, e están dispoñibles para a súa consulta na web municipal [teo.gal](http://teo.gal) no apartado de Emprego Público. O prazo para presentar as solicitudes e poder participar neste proceso selectivo abrírase unha vez que se publique o anuncio no DOG, previsto para o 15 de xaneiro. Ao día seguinte de esta publicación comeza un prazo de dez días hábiles para presentar a instancia correspondente ao proceso selectivo. Nas bases pódense consultar os requisitos para participar, como se desenvolverá o proceso así coma o temario para o exercicio da fase de oposición, que se atopa nun anexo.

## NADAL O 5 de xaneiro Teo recibirá os Reis Magos nunha Autocabalgata de acceso en coche



A cabalgata dos Reis Magos deste ano é diferente ao que estamos acostumados pero non perderá a ilusión e maxia que a caracteriza. O vindeiro martes 5 de xaneiro as súas Maxestades os Reis Magos chegarán a Teo para visitar todas as aldeas do municipio.

A xornada comezará pronto pola mañá, cando as súas maxestades e os paxes reais percorreren as distintas parroquias do concello nos seus autobuses reais. Dende este medio de transporte saudarán a toda a veciñanza, tanto a nenos e nenas como a maiores que se aso-

men ás súas portas e ventás para desfrutar da súa presenza. É moi importante que non se fagan concentracións de persoas nas rúas, por iso o máis recomendable é ver os Reis dende a casa.

Pola tarde, terá lugar a Autocabalgata cunha recepción real no Campo da Festa de Cacheiras. Distintas personaxes de animación acompañarán os Reis Magos durante esta xornada lúdica.

Dadas as circunstancias actuais derivadas da pandemia da Covid-19, só as familias empadroadas no Concello poderán asistir a esta Autocabalgata, con acceso en coche. Ademais é preciso inscribirse previamente para asistir. Na páxina web do Concello pode realizarse a inscrición e así contribuir a que dende a organización municipal do evento se poidan garantir todas as medidas de seguridade.

As inscricións para a Autocabalgata pódense reservar na web [teo.gal](http://teo.gal)

## NADAL Os gañadores do Concurso de Postais de Nadal recibiron un premio nun acto sinxelo

Os nenos e nenas dos centros escolares infantís e de Primaria do Concello de Teo volcáronse coa súa participación no Concurso de Postais de Nadal organizado pola Concellaría de Cultura.

O concurso desenvolveuse na primeira quincena de decembro e o día 16 do mesmo mes reuníronse as persoas membros do xurado, formado por Óscar Villan, ilustrador e artista plástico, David Orihuela, artista plástico e profesor de debuxo e artes plásticas e Ana Conde, xornalista, editora e directora do Teovivo. Tras unha longa deliberación seleccionaron un total de 20 postais para premialas pola súa creatividade e orixinalidade.

Os alumnos e alumnas da Escola Infantil Municipal de Calo recibiron varios accésits ao traballo da aula dos Cangrexos, do mesmo xeito que os recibiu a Escola de Reis pola serie

'Árbores de Nadal con puntillismo', e a escola da Casalonga pola serie de collage 'Xornais', ambos do CRA de Teo. O alumnado dos tres CEIP do Concello tamén viron premiado o seu traballo. O 18 de decembro o alcalde, Rafael Sisto, e a concelleira de Educación e Cultura, Mayte Argibay, entregaron aos premiados un agasallo como premio polo seu traballo nun sinxelo acto no Auditorio Constante Liste.

O concurso contou cunha elevada participación por parte dos nenos e nenas das escolas infantís e de Primaria do Concello





# O Concello persiste na loita para evitar a expropiación do camiño da “Casalonga”

O Concello de Teo dá un paso máis na defensa da titularidade pública do camiño que cruza a canteira da Casalonga. O 18 de decembro enviáronse as alegacións ao expediente de expropiación forzosa do camiño relacionado coa concesión da explotación “Casalonga”. O escrito, asinado polo alcalde, enviouse á Xefatura territorial da Consellaría de Economía, Empresa e Innovación.

No documento enviado, a Administración local defende a titularidade deste ben público e cuestiona o procedemento expropiatorio. O obxectivo é evitar a expropiación a favor de Toca Salgado, posto que non existe unha identificación completa do ben que se quere ocupar. Asemade os departamentos técnicos do Consistorio detectaron unha identificación incorrecta do titular do ben por expropiar -identifícase a un particular como propietario cando se trata dun ben de dominio público municipal- e sinalan que non se xustifica a causa para a expropiación.

**A Corporación local aprobou en sesión plenaria unha moción para rexeitar a expropiación forzosa deste viario público**

Previamente o Pleno municipal deu luz verde por unanimidade a unha moción para rexeitar o anuncio da Xunta de Galicia desta expropiación forzosa do viario público que atravesaba parte da explotación mineira da Casalonga. A Corporación local comprometeuse con esta moción a apoiar as medidas necesarias para defender este ben municipal. O acordo acadado remitiuse ao presidente da Xunta de Galicia, ao conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, así como á directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.



O expediente de expropiación forzosa, publicado o 25 de novembro no BOP, recoñece a Xunta de Galicia como expropiante, a Toca Salgado, SL como beneficiario e a un terceiro como expropiado. Porén, a dita franxa é de propiedade municipal conforme á Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo - acta de recepción dos camiños de uso público e planos de situación dos camiños afectados de data 14 de maio de 2008-, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, da Xunta de Galicia, Rexistro de Entrada no Concello de Teo, de 9 de xuño de 2008 •

SERVIZOS BÁSICOS

## Teo inviste en melloras nos parques infantís municipais

Os parques da zona da autovía que vai á Estrada -o da Torre en Cacheiras e os de Castres en Oza- foron mellorados polo Departamento de Servizos Básicos. José M. Elías, responsable desta concellaría, explica que “tiñan bastante necesidade de arranxo con pezas bastante deterioradas polo paso do tempo”. Os traballos de mellora realizounos unha empresa do sector e o Concello investiu en total máis de 15.000 euros •



# URBANISMO A Corporación intenta adaptar á realidade da veciñanza o proxecto da AG-59



**O proxecto presentado pola Xunta para a ampliación da autovía deixa a Pontevea sen conexións cara a Estrada**

A Corporación local do Concello de Teo vén de aprobar, previsiblemente posto que ao peche desta publicación aínda non se celebrará a sesión plenaria, unha moción conxunta para rexeitar o Proxecto de construción da autovía AG-59 na Ramallosa co enlace PO-841. O motivo polo que se rexeita esta iniciativa é que inclúe cambios nas conexións dos enlaces da Ramallosa e Teo, o que afecta gravemente aos intereses socioeconómicos teenses. Asemade, os grupos políticos Son de Teo, PSOE, PP e BNG coinciden en reivindicar a recuperación do trazado ordinario da autovía que incluía as conexións cara a Estrada dos enlaces da Ramallosa e Teo. Agora, segundo o suposto acordo, remitirán este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, á conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, e ao director da Axencia Galega de Infraestruturas.

O proxecto presentado pola administración autonómica para ampliación da autovía deixaría a Pontevea sen conexións cara a Estrada. O Anuncio publicouse no Diario Oficial de Galicia número 233 do 18 de novembro de 2020. O proxecto de construción publicado supón un importante cambio con respecto ao trazado delimitado hai dous anos, especialmente nos enlaces de ampliación da AG-59 coa estrada autonómica AC-841, na Ramallosa e en Teo.

Desde a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade indicouse que este novo trazado, que implica a eliminación das conexións cara a Estrada dos enlaces da Ramallosa e Teo, “ten por finalidade adaptalos á normativa vixente, evitar a afección a un castro, que foi cuestionada pola autoridade competente en Pa-

trimonio Cultural e, ademais, racionalizar o impacto territorial e o investimento”.

Desde o Concello de Teo, a Corporación uniuse para defender que esta racionalización do investimento, non pode ser en detrimento dos intereses socioeconómicos das parroquias do Sur de Teo, en especial, do núcleo de Pontevea, na parroquia de Reis, con tradicionais vínculos coa poboación da Estrada, vínculos que quedarían moi afectados, por non dicir truncados, con este novo trazado.

Así, dende o Concello de Teo consideramos que un investimento autonómico de 48 millóns de euros non pode nacer coa eiva de deixar o novo treito teense polo que discorre sen conexión coa nova infraestrutura, discriminando de forma inxustificada ao Sur do noso Concello.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, incluía a AG-59 como vía de alta prestación: unha vía de maior entidade que comunica a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, co obxectivo fundamental de que o 80% da poboación se situase a menos de 10 minutos dunha destas vías.

Co novo trazado e supresión de enlaces, o dito obxectivo fundamental dun viario de alta prestación, viríase modificado esencialmente. Ante esta situación o Pleno da Corporación adoptou un acordo que, nun principio, conta co apoio de todos os grupos políticos que a compoñen e por iso se presupon que se lle dará luz verde no pleno •

## MOCIDADE A Concellaría de Mocidade senta as bases para a creación dunha escola ecoloxista

**A primeira sesión terá lugar o 23 de xaneiro na Casa Común Marisa Mirás en Calo**

O Concello de Teo, a través da Concellaría de Mocidade, presenta unha Escola Ecoloxista, que aspira a converterse no lugar de encontro para a mocidade teense de entre 12 e 18 anos que queira achegarse á ecoloxía social.

A primeira xuntanza desta Escola está prevista para o sábado 23 de xaneiro entre as 12:00 e as 14:00 horas na Casa Común Marisa Mirás en Calo. Durante a xornada o grupo da sesión achegarase á carballeira da Tomada, en fronte do local municipal. A actividade é de balde e para participar só hai que enviar un correo electrónico a [mocidade@teo.gal](mailto:mocidade@teo.gal) indicando os datos da persoa participante.

A iniciativa da creación desta escola xurde con vocación de que perdure ao longo do tempo e por iso realizaranse sesións cada dous meses. As persoas que queiran formar parte desta nova entidade non están obrigadas a participar obrigatoriamente en todas as sesións que se convoquen. Se ben todas as persoas participantes posuirán un carné ecoloxista e cada vez que asistan a unha sesión recibirán un selo que o acredite. Un dos obxectivos desta escola é que as participantes amplien a súa visión da contorna natural.

Neste contexto, nesta Escola abordaranse temas coma a mobilidade, o comercio xusto, a agro-ecoloxía ou a protección da natureza.



Dende a Concellaría de Mocidade apostan porque a escola ecoloxista consolide unha transformación social e que se cuestionen accións e se reflexione sobre movementos que parten dunha perspectiva local para despois enmarcarse nunha contorna global. O equipo deste departamento mantén a premisa de que as decisións particulares e locais teñen un impacto no mundo no que vivimos e a mocidade é un dos colectivos máis sensibilizados •

### BENESTAR

## Multicentro Pernas acolle unha campaña de recollida de alimentos

A Concellaría de Benestar colabora con Multicentro Pernas para, durante este mes de xaneiro, dar forma a unha iniciativa solidaria baseada na recollida de alimentos para doar ao Banco Veciñal de Alimentos. Así, todas as persoas que a partir do 1 de xaneiro vaian a mercar a este centro, terán a opción de mercar produtos para destinar a esta acción. No establecemento instalárase unha caixa do Banco de Alimentos para depositar a doazón.

As persoas coordinadoras desta iniciativa recomentan que os produtos que se entreguen sexan non perecedoiros. Por exemplo, suxiren a doazón de leite, aceite, legumes, conservas de peixe, vexetais, froitas ao natural, pasta, arroz, galletas... O Banco de alimentos funciona pola acción do grupo de persoas voluntarias que colaboran desinteresadamente e atende a familias a través dun sistema de reparto semanal, que inclúe alimentos non perecedoiros e produtos frescos como froitas ou carne. Ignacio Iglesias, concelleiro de Benestar, amosa a súa confianza “en que esta campaña teña unha boa acollida como xa tivo o mes pasado o proxecto de doazóns económicas para mercar xoguetes. Dende o Concello agradecemos a todas as persoas que participaron e a todos os establecementos colaboradores: A Vagoneta Educativa, A Librería d’Ana e Multicentro Pernas”.



# A carballeira de Francos consolídase como espazo de ocio para as familias



Para estar ao tanto das novidades desta área, Turismo, podes visitar Twitter e Instagram nos perfís @TurismoTeo

As familias teenses xa poden visitar os cabalos e eguas deseñados para o San Martiño de 2020 na carballeira de Francos, un espazo de natureza único. O responsable de que estes animais apostasen por este emprazamento é o Alpapador, unha figura tradicional do Nadal galego, que un ano máis abondonou o Courel para visitar a cativada durante as festas de Nadal.

Esta personaxe tradicional atopou durante a súa viaxe a Teo a remuda de cabalos e eguas que se espallaran polas rutas municipais durante a celebración do San Martiño, na que foron protagonistas de xogos e erixíronse como un plan para desfrutar da natureza en familia.

Durante a fin de semana do 19 e o 20 de decembro, o Alpapador estivo pastoreando aos

animais na carballeira de Francos coa intención de que se asentasen neste espazo. Agora as crianzas poden visitar e xogar con estes cabalos e eguas neste espazo do medio natural.

Este non é ademais o único plan de ocio para as familias teenses, senon que tamén nesta carballeira, máis concretamente no Cruceiro de Francos, comeza unha ruta de Apego. Trátase dun camiño para familias que chega ata a ponte de Paradela e que percorre un espazo natural ao longo da ribeira do río Tinto. En total son menos de 2 kilómetros entre a ida e a volta, que poden consultarse no Wikilok Turismo de Teo ou ao que tamén se pode acceder a través do código QR que se atopa ao inicio do roteiro, xunto á Escola de Francos •

**★**

QUERIDOS REIS MAGOS,  
ESTE ANO QUERO  
QUE ME TRAIASES  
UNHA CANLE DE TV CON  
PROGRAMACIÓN INFANTIL  
EN GALEGO.  
SEGURO QUE SE O PEDIMOS  
MOI TOS HABEDES FACILO!

POR FUCIÑOS,  
POR CACHEIRAS!

**FALAMOS**

UNHA SECCIÓN PARA  
COIDAR A NOSA

**LINGUA**

**Cantámosche os Reises  
guedella de cabra  
cantámosche os Reises  
non nos deche nada**

Coñeces a tradición de cantar os Reises?  
Animaste a cantalos onde vivas?

Ilustración de Ruth Caramés en Nós Diario

# AXENDA

## Xaneiro de 2021



**Martes**

Servizo de asesoramento eléctrico. De 10:00 a 12:00 horas no Salón de Plenos. Contacto en [pie@teo.gal](mailto:pie@teo.gal)

**Venres**

Mercado en Cacheiras.

**Sábados**

Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

**2** Sábado. 18:00 h. Concerto **Chuches Amil** con Fran Amil para público familiar. Con reserva de entrada. Auditorio Constante Liste.

17:00 a 20:00 horas. **Recuncho cultural de Nadal** o Paxe Real dos Reis Magos de Oriente recollerá as cartas dos nenos e nenas de Teo. Exterior do Auditorio Constante Liste.

**3** Domingo. 17:00 a 20:00 horas. No **Recuncho cultural de Nadal** o Paxe Real dos Reis Magos de Oriente recollerá as cartas dos nenos e nenas de Teo. Haberá venda de churros e rosquillas. Ás 19:30 horas procederase a sortear 3 lotes de xoguetes educativos entre toda a cativada que entregase a súa carta. Exterior do Auditorio Constante Liste.

**5** Martes. 10:00 a 20:00 horas. **Autocabalgata dos Reis Magos**. Os Reis Magos de Oriente percorreren as 13 parroquias de Teo nos autobuses reais históricos. A música anunciará a súa chegada. Pola tarde (ás 16:00, 17:15, 18:30 e 19:45 horas) poderase asistir en coche a ver aos Reis Magos en Cacheiras, con previo apuntamento na páxina de [www.teo.gal](http://www.teo.gal)

**8** Venres. 20:00 h. Redrum Teatro presenta **O mozo da última fila** para público adulto. Con reserva de entrada. Auditorio Constante Liste.

**13** Mércores. 11:30 h. Sorteo da campaña de Nadal **"Tamén no Nadal coidamos do local"**. Sortéanse 50 vales de compra de 100 euros para gastar en establecementos do comercio local adheridos á campaña. Salón de Plenos do Concello.

**14** Último día para inscribirse nas **Novas Escolas Deportivas para persoas adultas**.

Clases de Tai-chi -os luns e os xoves en horario de 20:00 a 21:00 horas- e Defensa Persoal -os sábados de 12:00 a 13:30 horas-. Pavillón Polideportivo de Calo.

**15** Venres. 20:00 h. **Coloquio teatral sobre o espectáculo Invisibles** de Redrum Teatro para público adulto. Con reserva de entrada. Auditorio Constante Liste.

**23** Sábado. 18:00 h. **Concerto Brinca Vai de aquí a acola** con Paco Nogueiras para público familiar. Con reserva de entrada. Auditorio Constante Liste.

12:00 a 14:00 horas. Primeira sesión da **Escola Ecoloxista de Teo**. Dirixida a persoas de entre 12 e 18 anos. Inscripción en [mocidade@teo.gal](mailto:mocidade@teo.gal). Casa Común Marisa Mirás.

**30** Sábado. 12:00 horas. **Paseo do Apego dos paxariños para familias**. Inscripcións en [politicalinguistica@teo.gal](mailto:politicalinguistica@teo.gal). Área de Mouromorto.

